



**XVI MOSTRA DE TEATRO AMADOR  
TERRAS DO ORCELLÓN - 2023**

1 de outubro de 2023

**O RANDIÑA**  
*Pico do Castro*

7 de outubro de 2023

**CASTING**  
*Hipócrita Teatro*

14 de outubro de 2023

**CRÓNICA DUN POBO**  
*Gargallada Teatro*

21 de outubro de 2023

**VACACIÓNS**  
*A Tequerreté*

22 de outubro de 2023

**AGÁRDAME NO CEO**  
*Namarella Teatro*

28 de outubro de 2023

**OS VECIÑOS DO LADO**  
*Fauna 113*

5 de novembro de 2023

**APUNTAMENTOS PARA UN MAGNICIDIO**  
*Ditirambo Teatro Coruña*

**AUDITORIO MANUEL MARÍA DO CARBALLIÑO**  
**20:00 HORAS**



**ORGANIZA**



**PATROCINAN**





# XVI MOSTRA DE TEATRO AMADOR “TERRAS DO ORCELLON”

Auditorio Manuel María do Carballiño, ás 20 horas	1 de outubro de 2023 PICO DO CASTRO presenta <b>O Randiña</b>
7 de outubro de 2023 HIPÓCRITA TEATRO presenta <b>CASTING</b>	Auditorio Manuel María do Carballiño, ás 20 horas
Auditorio Manuel María do Carballiño, ás 20 horas	14 de outubro de 2023 GARGALLADA TEATRO presenta <b>CRÓNICA DUN POBO</b>
21 de outubro de 2023 A TEQUERRETÉ presenta <b>VACACIÓNS</b>	Auditorio Manuel María do Carballiño, ás 20 horas
Auditorio Manuel María do Carballiño, ás 20 horas	22 de outubro de 2023 NAMARELLA TEATRO presenta <b>AGÁRDAME NO CEO</b>
28 de outubro de 2023 FAUNA 113 presenta <b>OS VECIÑOS DO LADO</b>	Auditorio Manuel María do Carballiño, ás 20 horas
Auditorio Manuel María do Carballiño, ás 20 horas	5 de novembro de 2023 DITIRAMBO TEATRO CORUÑA presenta <b>APUNTAMENTOS PARA UN MAGNICIDIO</b>

## LIMIAR

Unha vez máis sentímonos honradísimos de que aparecesen tantas solicitudes de grupos de teatro afeccionado á nosa convocatoria para a XVI Mostra de Teatro Amador “Terras do Orcellón”, o que implica máis traballo para o xurado e tamén para nós; pero temos que dicir que o facemos con gusto, e co desexo de agasallar a todos aqueles que puxeron a ilusión en participar na nosa Mostra.

Este vai ser o primeiro ano no que Tiruleque non presenta un novo traballo na Mostra. Houbo circunstancias, atrancos imprevistos, dúbidas á hora de escoller un novo texto, o sobre todo o feito de manter e incluso aumentar o número de obras que tiñamos en oferta, o que nos acoutou o tempo de ensaios, que fixeron devecer as horas de labor en novas empresas. Non obstante mantemos as sete representacións que tiñamos pensado, zugándolle un puntíño aos nosos aforros e apertando un chisco máis as nosas posibilidades económicas

Temos a oportunidade de repetir novamente o Premio Tiruleque, do que foi merecedor Gargallada Teatro na mostra do 2022 coa súa disparatada comedia *Un desastre de función*, e que nesta ocasión participarán con *Crónica dun pobo*, á beira de obras como *O Randiña* de Pico do Castro,  *Casting* de Hipócrita Teatro, *Vacacións* de A Tequerreté, *Agárdame no ceo* de Namarella Teatro, *Os veciños do lado* de Fauna 113 e *Apuntamentos para un magnicidio* de Ditrambo Teatro Coruña.

Sumámonos á decisión do Xurado e felicitamos a tódolos grupos que solicitaron participar nesta Mostra, pola enorme calidade das obras presentadas, se ben é certo que non todos podedes estar (que máis quixeramos nós) porque a economía manda... e moito.

1 de outubro de 2023

**PICO DO CASTRO**

(Foz – Lugo)

presenta

# **O RANDIÑA**

Texto de Juan José Villarino.



A obra recrea as peripecias dun vagabundo, “O RANDIÑA”, no seu afán de evitar que se lle arrebate o único lugar que considera o seu fogar: un banco de praza. Este singular personaxe fará fronte á indiferenza, o abuso e a marxinación tendo como única arma o seu enxeño e astucia, logrando sortear cada situación que se lle presente para saír ben librado.

Esta obra invítanos a facer unha análise da nosa vida e do noso papel na sociedade desde unha perspectiva distinta.

## **ELENCO**

**Juan José Villarino Calvelo** O Randiña

**Matías Nicieza** {  
( Banqueiro,  
( Policía,  
( Político  
( e Vella

## **EQUIPO TÉCNICO**

Dirección **Juan José Villarino Calvelo**

Luz e Son **Matías Nicieza**

Duración: 65 minutos.

Comedia. Tódolos públicos.

**7 de outubro de 2023**

**HIPÓCRITA TEATRO**

(Lugo)

presenta

**CASTING**

Texto de Hipócrita Teatro.



Casting é un novo espectáculo de Hipócrita Teatro. Na traxectoria do grupo son frecuentes as parodias e as comedias acedas e *Casting* abunda nesta liña. A historia está protagonizada por personaxes que representan algúns dos estereotipos femininos creados pola industria cinematográfica de Hollywood. Son prototipos de muller que se instalaron no inconsciente colectivo de varias xeracións. A obra recolle algúns dos seus trazos característicos e lévaos ó extremo para amosar o grotesco e esperpéntico destes modelos.

Mirna Lois, unha diva dos anos 50, Norma Lee, actriz de cine “erótico” e Úrsula Cimarrón, unha moza aspirante a actriz, coinciden nun casting. Todas compiten por un único papel. Atrapadas nos seus personaxes femininos estereotipo chegarán ó límite do ridículo por cumprir coas expectativas do seu rol. Unha comedia agri doce sobre os estereotipos femininos no cine de Hollywood para chorar, rir, ou chorar coa risa.

### **ELENCO**

<b>María García</b>	Mirna Lois
<b>Natalia Fernández</b>	Úrsula Cimarrón
<b>Marta Arias</b>	Norma Lee
<b>Juan Rivas</b>	Produtor
<b>Lorena Lavandera</b>	Voz en off

### **EQUIPO TÉCNICO**

Dirección	<b>Elea López</b>
Escenografía	<b>Hipócrita Teatro</b>
Vestuario e caracterización	<b>María García</b>
Iluminación e son	<b>Juan Rivas</b>

Duración: 60 minutos.

Comedia. Para público adulto.

14 de outubro de 2023

GARGALLADA TEATRO  
(O Barco - Ourense)

presenta

# CRÓNICA DUN POBO

Texto dramatizado por Gargallada.



**GT** Gargallada Teatro  
presenta

**Nº 16**  
Setembro 2023

## Crónica dun Pobo

Dirección de Manuel Caramés

EDICIÓN ESPECIAL

Xosé Lois Conde, Juanjo Fernández, José Manuel G. Borace,  
Reyes Limia, Álvaro Baños, Lalo Santos, Aurora Fernández,  
Manuel González, Carmen Hernández, Emilio González López,  
Ángel Rodríguez, Xavier Blanco e a colaboración de Antela Roo.

GARGALLADA  
TEATRO

CONCELLO  
O BARCO DE VALDEORRAS

“Nas guerras todas as nais padecen do corazón”. **Crónica dun pobo** achega á escena unha visión traxicómica sobre as guerras e os réximes autoritarios desde o punto de vista das xentes do común, que son realmente quen padecen as súas desastrosas consecuencias. Todo isto pasado pola peneira do humor mordaz de Miguel Gila a través das clásicas escenas do absurdo nos campos de batalla e nos cuarteis, protagonizadas por un mariñeiro e un ferreiro que son amigos pero en realidade son inimigos, unha avoa que debe coidar do seu netiño, unha rapaza trastornada pola barbarie, un vendedor de globos de cores e bonecos, unha muller a quen os bombardeos impiden ir lavar a roupa e un ditador co seu séquito de secretarios, censores e verdugos, aclamado por folclóricas e toureiros. Farsa histórica do que un día non moi distante estragou todo un país e que nunca xamais debería volver suceder.

### ELENCO

<b>Xosé Lois Conde</b>	Marcos e Toureiro
<b>Juanjo Fernández</b>	David
<b>Reyes Limia</b>	Señora e Flamenca 1
<b>Jose Manuel G. Borace</b>	Cecilio
<b>Álvaro Baños</b>	Soldado e Asistente
<b>Aurora Fernández</b>	Avoa
<b>Carmen Hernández</b>	Rapaza e Flamenca 2
<b>Lalo Santos</b>	Capitán e Secretario
<b>Manuel González</b>	Sarxento
<b>Moncho Díaz</b>	Vendedor ambulante e Censor
<b>Ángel Rodríguez</b>	Verdugo
<b>Emilio González López</b>	Ditador
<b>Xabier Blanco</b>	Corneta, Guitarra e Flamenco
<b>Antela Roo</b>	Acordeón

## **EQUIPO TÉCNICO**

Dirección **Manuel Caramés**  
Don Nicanor **Artesanía Enxebre**  
Escenografía **Gargallada Teatro e Carpintería Raúl**  
Vestuario **Confecciones Mayayo e Manuel Caramés**  
Iluminación e Son **Vanesa Yáñez (Ton & Son) / Manuel Caramés**

Duración: 70 minutos.

Comedia. Para tódolos públicos.

\* o O o \*

## **ACTIVIDADES PARALELAS**

**15 de outubro de 2023**

## **II OBRADOIRO DE IMPROVISACIÓN**

**Impartido por**

**Antón Coucheiro**



**HORARIO**

**de 10 a 14**

**e**

**de 16 a 20**

**Auditorio Manuel María**

**21 de outubro de 2023**

**A TEQUERRETÉ**

(Teo – A Coruña)

presenta

# VACACIONS

Texto de A Tequerreté.



Marta e Pedro, Helena e Antón son dúas parellas que celebran nun destino paradisíaco vinte e cinco anos de relacións, de amizade e de viaxes en común. Pero a alegría desbordante do principio vaise tornar nunha situación chea de equívocos, revelacións inconfesables e descubrimentos de feitos pasados que provocarán que todo cambie entre eles.

Xa nada será igual, todo será distinto... ou quizais non

## **ELENCO** (Por orde de aparición)

**Marina Nieto Pol** Marta

**Luis P. Martínez Ruiz** Pedro

**Eva Rosende Domínguez** Helena

**Iago Martínez Anta** Antón

## **EQUIPO TÉCNICO**

Dirección **Paco Luna Ferragut**

Escenografía, Vestiario e Son **A Tequerreté**

Duración: 80 minutos.

Comedia. Para público maior de 14 anos.



**22 de outubro de 2023**

**NAMARELLA TEATRO**

(Verín - Ourense)

presenta

# **AGÁRDAME NO CEO**

Dramaturxia de Namarella Teatro.



Toñi é unha moza andaluza un tanto inxenua, que acode para facer compañía á súa amiga Paula, a quen lle morreu de súpeto ó seu home, aínda de corpo presente.

No velorio na súa casa, Paula expresa o seu desasosiego ó non poder despedirse de1, polo repentino da morte. Namentres ambas as dúas mulleres comentan o caso, danse conta que o motivo da morte puido ser a emoción polo acerto nunha quiniela. Buscándoa pola casa, topan ca publicidade dun *medium*, a quen deciden consultar.

Existe unha vida tras a morte? E é posible poñernos en contacto co alén?

Serán elas quen de volver falar con Pegerto? E de recuperar a quiniela?

## **ELENCO**

<b>Andrea Gómez Vaz</b>	Paula
<b>María Luz Varela Bendaña</b>	Toñi
<b>Enrique Rodríguez López</b>	Pegerto
<b>J. Miguel Tomé Fondo</b>	Rogeloi

## **EQUIPO TÉCNICO**

Dirección	<b>J. Miguel Tomé Fondo</b>
Iluminación	<b>Vanesa Faro Alfaya</b>
Son	<b>Eduardo Rodríguez López</b>
Montaxe	<b>Darío H. Varela Bendaña</b>

Duración: 90 minutos.

Comedia. Para tódolos públicos.

**28 de outubro de 2023**

**FAUNA 113**  
(Vigo - Pontevedra)

presenta

## **OS VECIÑOS DO LADO**

Dramatización de Fauna 113 (Fernanda Barrio e Marco Alonso)



María e Pedro son unha parella convencional que recibe a visita dos seus novos veciños: Rosa e Ignacio. O que en principio parece unha cea de cortesía entre descoñecidos deparará un encontro disparatado de dobres intencións e segredos inconfesables, ou é que seica non todos temos algo que ocultar?

### **ELENCO**

<b>Iris Darriba</b>	María
<b>Bea Gea</b>	Rosa
<b>Pablo Rodríguez</b>	Pedro
<b>Rolando Sánchez</b>	Ignacio

### **EQUIPO TÉCNICO**

Dirección **Fernanda Barrios e Marcos Alonso**  
Luces e Son **Marcos Alonso**

Duración: 60 minutos.

Comedia. Para tódolos públicos.

**5 de novembro de 2023**

**DITIRAMBO TEATRO CORUÑA**

(A Coruña)

presenta

## **APUNTAMENTOS PARA UN MAGNICIDIO**

Texto de Lola Roel



En plena campaña electoral, o alcalde Fulgencio Pacheco promete construír mil vivendas sociais nun dos barrios máis deprimidos da cidade. Antes de rematar o primeiro edificio este derrubase causando a morte de tres obreiros africanos sen papeis. Co obxecto de ocultar o fatal accidente, o alcalde decide levantar unha rampla de *skateboard* no lugar onde permanecen sepultos ante a resistencia do xefe de obra que reclama xustiza para os seus homes e négase a que sexan esquecidos.

### **ELENCO**

<b>Juan Carlos Alonso</b>	Alcalde
<b>Iago Rego</b>	Saúl
<b>Valentín Entrialgo</b>	Xefe de obra
<b>Paula Badrán</b>	Gracia
<b>Juan A. García</b>	Director

### **FICHA TÉCNICA**

Dirección	<b>Lola Roel</b>
Escenografía	<b>Ditirambo Teatro Coruña</b>
Luces e Son	<b>Ricardo Pérez</b>

80 minutos.

Drama. Para público maior de 14 anos.



Tiruleque, Grupo de Teatro \* Mosquera 36 - 1º O Carballiño (32500) (Ourense)  
Tfno. 988 27 00 90 \* 617 35 44 56 \* Fax 988 53 10 15 \* [tiruleque@galicia.com](mailto:tiruleque@galicia.com)